

BASES LEGAIS DO SORTEO

“O PASEO DO TAPEO – PASAPORTE DO SABOR”

PRIMEIRA.- ORGANIZACIÓN

A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL” (en diante “Outlet Área central”) con enderezo en Edificio Área Central Sot-1 A4 (15707) Santiago de Compostela – A Coruña e provista de CIF H-15.431.273, organiza o sorteo promocional denominado “O Paseo do Tapeo – Pasaporte do Sabor”, que se rexerá polas presentes bases legais.

O sorteo enmárcase dentro do evento gastronómico “O Paseo do Tapeo”, que se celebrará entre o 6 e o 24 de maio de 2026.

SEGUNDA.- OBXECTO DA PROMOCIÓN

O obxectivo do sorteo é incentivar a participación do público na ruta gastronómica, premiando aos usuarios que completen o Pasaporte do Sabor mediante o consumo de tapas nos locais participantes. Para participar no sorteo, deberán ter probadas e, polo tanto, seladas un mínimo de seis tapas.

TERCEIRA.- ÁMBITO TERRITORIAL E PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas físicas que:

- Sexan maiores de 16 anos
- Participen no evento “O Paseo do Tapeo”
- Completen o Pasaporte do Sabor con, alomenos, seis selos que demostren ter probadas seis tapas participantes no concurso.
- Faciliten os seus datos de contacto

CUARTA.- MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Para participar no sorteo, os usuarios deberán:

1. Solicitar o Pasaporte do Sabor nun dos locais participantes
2. Percorrer os establecementos adheridos
3. Consumir tapas e obter os correspondentes selos (mínimo seis)
4. Cubrir os seus datos persoais
5. Depositar o pasaporte na urna habilitada no Outlet Área Central

Só se admitirán pasaportes correctamente cubertos e lexibles.

Para que a participación sexa válida, será necesario cumprir os requisitos mínimos de selado establecidos pola organización.

Cada participante poderá presentar un único pasaporte válido.

QUINTA.- DURACIÓN

O prazo de participación será do 6 ao 24 de maio de 2026, coincidindo coa duración do evento.

Non se admitirán participacións fóra deste prazo.

SEXTA.- PREMIOS

Entre todas as persoas participantes que sigan a mecánica de participación sortearanse:

- 3 premios de 100€ en vales para gastar nos establecementos comerciais do Outlet Área Central adheridos á promoción.

Os premios non son transferibles nin canxeables polo seu valor en metálico.

SÉTIMA.- SELECCIÓN DOS GAÑADORES

O sorteo realizarase unha vez finalizado o evento, entre todos os pasaportes válidos recollidos. A selección realizarase de forma aleatoria. Extraerense 3 pasaportes, que serán os correspondentes ás persoas gañadoras. Igualmente, extraense 3 suplentes. A concesión do premio queda suxeita á normativa fiscal vixente.

O Outlet Área Central queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impida a súa identificación. O Outlet Área Central resérvase o dereito a emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

O Outlet Área Central resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin do concurso cando concorra causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levala a termo no xeito e forma que recollen as presentes bases. O Outlet Área Central resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do concurso, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais. Así mesmo, o Outlet Área Central quedará exento de toda responsabilidade se concorre algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade polos danos e prexuízos que poidan ocasionarse durante o disfrute do premio.

OITAVA.- COMUNICACIÓN DOS PREMIOS

Os gañadores serán contactados directamente pola organización a través dos datos facilitados no Pasaporte do sabor. A comunicación realizarase arredor do 29 de maio de 2026.

Se non se consegue contactar cun gañador nun prazo de 5 días, perderá o dereito ao premio.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD)

Responsable do tratamento: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL CIF: H15431273

Enderezo: Edificio Área Central de Fontiñas Sótano 1-Local A4, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) Teléfono: 981560845

Correo electrónico: marketing@areacentral.es

Finalidade: A xestión dos datos de carácter persoal recabados para a participación no sorteo "O pasaporte do sabor" do Outlet Área Central.

Lexitimación: Consentimento do interesado.

Conservación dos datos: Os datos que vostede nos teña facilitado destruíranse unha vez transcorrido o prazo de seis meses desde a finalización do concurso, salvo os dos gañadores que poderán utilizarse conforme ó establecido no apartado tres das bases.

Transferencias Internacionais de datos: Non se realizarán transferencias internacionais de datos.

Dereitos do interesado:

– Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.

– Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

– Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa no sexan necesarios para os fins para os que se recolleron, incluído o dereito ó esquecemento.

– Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.

– Limitación do tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.

– Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

Exercicio dos dereitos: O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito adxuntando fotocopia do seu documento identificativo, e dirixila á dirección anteriormente citada. Así mesmo, poñemos a súa disposición modelos para o seu exercicio, que poden recollese nas nosas instalacións.

Para máis información: www.agpd.es

Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control: No caso de que no se teñan respectados os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6 – 28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>

En ambos casos, deberá acompañar a documentación pertinente.

DÉCIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no sorteo supón a aceptación total das presentes bases legais.